EIP ON AHA TWINNING 2020 - GALICIA & BAIXA SILESIA (POLONIA)

Iniciativa financiada pola Comisión Europea para facilitar a irmandade e intercambio de boas prácticas dentro do programa europeo para o envellecemento activo e saúdable, **European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing EIP on AHA**.

Rexións participantes:

- **Galicia: Servizo Galego de Saúde & Axencia de Coñecemento en Saúde ACIS**
- **Baixa Silesia (Polonia): Voivodato da Baixa Silesia**

Orzamento: 5.000 euros

Enlace á comunicación da Comisión Europea (EIP on AHA) co resultado dos proxectos seleccionados.

Resumo da xornada

A xornada contou coa presenza do Xerente da área Sanitaria de Ferrol, Angel Facio Villanueva, acompañado por profesionais sanitarios que trasladaron a súa experiencia co sistema TELEA. Participaron tamén na xornada a Dirección de Procesos e Soporte e a Subdirección de Sistemas de Información de Ferrol, xunto coa área de Innovación Sanitaria da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), quen coincidiron en destacar a aposta actual do Servizo Galego de Saúde para contar cun sistema de telemonitorización, que ven de ser adaptado durante a crise da Covid-19 cunha nova funcionalidade para facilitar o seguemento de pacientes e o control preventivo dos residentes en centros sociosanitarios.



Por parte de Polonia, conectouse a través de videoconferencia por mor da Covid-19, o Director do Hospital A. Falkiewicz Specialist (Breslavia – Wroclaw), e oficiais da oficina Rexional de Sanidade de Baixa Silesia, entre outros.

Grazas á iniciativa "Twinning", o grupo de traballo formado por Galicia e Baixa Silesia puideron compartir os aspectos técnicos e organizativos que facilitarán a implantación dun sistema de telemonitorización na rexión polaca, que ao igual que o sistema TELEA, non só será accesible para os profesionais da saúde senón tamén para os pacientes a través dun acceso en liña.

Enlace á comunicación da Comisión Europea (EIP on AHA) co resumo da

CONTIDOS RELACIONADOS

EIP on AHA

Portal da Comisión Europea da EIP on AHA

Resumo da xornada-Twinning (YouTube)

A área sanitaria de Ferrol e a administración sanitaria rexional de Silesia (Polonia) comparten información sobre telemonitorización de pacientes

NOVAS

Galicia xunto con Baixa Silesia en Polonia logra unha das 6 iniciativas de irmandamento no campo do envellecemento activo e saudable financiadas pola Comisión Europea

Sanidade celebra xunto coa rexión polaca de Baixa Silesia una xornada de irmandamento no campo do envellecemento activo e saudable financiado pola Comisión Europea

xornada.

TELEA Plataforma de teleasistencia domiciliaria do Servizo Galego de Saúde

https://teleaweb.sergas.gal/